



DÍA MUNDIAL DO MOSQUITO E DETECCIÓN DO MOSQUITO TIGRE EN BUEU E MOS

O pasado mércores 20 de Agosto celebrouse o Día Mundial do Mosquito, en honor ao [doutor británico Sir Ronald Ross](#), quen identificou a transmisión da malaria entre os seres humanos a través dos mosquitos femia do xénero *Anopheles*, descubrimento polo que foi galardoado co premio Nobel. E foi precisamente nese mesmo día no que se confirmaba por primeira vez a presenza de mosquito tigre (*Aedes Albopictus*) no concello de Mos, tras detectarse un día antes, tamén por primeira vez, no concello de Bueu. A detección, no caso de Bueu, iniciouse coa notificación dun cidadán na aplicación Mosquito Alert, posteriormente confirmada mediante a identificación das larvas do mosquito nun trampeo levado a cabo pola [Rede Galega de Vixilancia de Vectores \(ReGaViVec\)](#), fundada pola Dirección Xeral de Saúde Pública (DXSP) en 2017. No caso de Mos, produciuse a través da identificación das larvas nunha ovitrampa colocada no marco das actividades rutineiras desta rede (apéndice).

Estas deteccións dan conta da importante labor que está a realizar a ReGaViVec en canto á vixilancia entomolóxica en Galicia, permitindo non só detectar e avaliar a presenza e evolución de insectos vectores na transmisión de enfermidades no noso territorio, se non tamén levar a cabo programas de xestión integrada dos mesmos en colaboración cos concellos, así coma programas de

prevención e sensibilización da cidadanía e dos profesionais sanitarios sobre os riscos asociados.

Precisamente, neste ano ven de renovarse o convenio de colaboración entre as Universidades de Santiago e Vigo e as consellerías de Sanidade e Medio Rural para as actividades de vixilancia de mosquitos e carrachas da Rede, que estará vixente ata abril de 2028. Este convenio, financiado pola DXSP, incorpora o enfoque “Unha soa saúde” co fin de aumentar as capacidades da Rede para mellorar o coñecemento sobre os vectores de interese para a saúde humana e animal na nosa comunidade.

Por último, no que respecta ao mosquito tigre, cómpre recordar que, a pesar do aumento da súa extensión, o risco de transmisión de enfermidades como Dengue, Zika ou Chikungunya [continúa a ser baixo no noso territorio](#). Con todo, tanto os casos probables coma confirmados destas enfermidades son de declaración obrigatoria, debendo comunicarse de xeito urxente ao SAEG os casos sospeitosos que estean en [período virémico](#) no noso territorio. Isto último resulta especialmente importante no caso de viaxeiros recentes a zonas endémicas, dado que tódolos casos declarados ata o momento en Galicia foron importados (apéndice)

INTRODUCCIÓN DA VACINA CONTRA O DENGUE NO PROGRAMA GALEGO DE VACINACIÓN.

O [dengue](#) é unha enfermidade causada polo virus dengue (familia Flaviviridae, xénero Flavivirus), do cal existen catro serotipos (DENV 1, 2, 3 e 4). O seu principal reservorio é o ser humano e transmítese fundamentalmente a través da picadura de mosquitos do xénero *Aedes*. Dun 40 a un 80% dos casos cursan de xeito asintomático, e cando se producen síntomas o cadro é leve e autolimitado en >95% dos casos. Con todo, naqueles casos que progresan á forma grave, a letalidade ronda o 30-40% se non son tratados a tempo.

[O dengue ten unha ampla distribución mundial](#), sendo endémica en máis de 100 países de Asia, América, este do Mediterráneo, África e Pacífico Occidental. [En canto ao noso país](#), atópase establecido fundamentalmente na costa mediterránea, Andalucía e Baleares, declarándose os primeiros casos con transmisión autóctona en 2018. Con todo, o dengue en Europa non se considera endémico e os

casos notificados están relacionados principalmente con viaxes a rexións onde si o é (importados).

Co fin de previr a aparición destes casos, a vacina do Dengue, Qdenga®, ven de ser incorporada no [Programa Galego de Vacinación](#) para a súa administración a persoas con determinadas condicións de risco que viaxen a zonas endémicas ou con alto risco de transmisión. Trátase dunha vacina tetravalente de virus vivos atenuados, con indicación a partir dos 4 anos e cunha pauta de administración de dúas doses nun intervalo de 3 meses (0 e 3 meses). As indicacións e contraindicacións da vacina móstranse no apéndice. A vacina pode solicitarse a través dos [Centros de Vacinación Internacional](#), e a súa recomendación dependerá de factores como o destino da viaxe, as actividades a realizar, duración, percorrido e as condicións particulares de cada viaxeiro.

APÉNDICE



Figura 1. Ovitrapa colocada en Mos (esquerda) e larvas de mosquito tigre detectadas (dereita).

	DENGUE	ZYKA	CHIKUNGUNYA
2023			
PONTEVEDRA	2		2
A CORUÑA	2		
LUGO	2		
OURENSE			
2024			
PONTEVEDRA	8		
A CORUÑA	7	1	
LUGO	8		
OURENSE	2		

Táboa 1. Casos importados de enfermidades transmitidas por Aedes declarados dende o ano 2023 en Galicia.

VACINA FRONTE AO DENGUE (Qdenga®)	
Indicacións	Persoas que pasasen unha infección previa por dengue confirmada microbiolóxicamente e realicen novas viaxes a zonas endémicas de dengue.
	Persoas que realicen viaxes de longa duración (de máis de un mes) ou frecuentes a unha zona con alto risco de transmisión de dengue ou que viaxen a unha zona de brote activo , e que presenten algunha das seguintes situacións:
	- Nenos entre os 4 e os 10 anos. - Persoas con diabetes mellitus ou obesidade (IMC ≥40). - Persoas con enfermidades cardiovasculares crónicas, enfermidades renais crónicas (insuficiencia renal crónica grave e síndrome nefrótico), hepatopatía crónica ou enfermidade pulmonar obstrutiva crónica (EPOC). - Persoas con risco de sangrado: por enfermidade, condición de base ou por tratamento con fármacos.
	Mulleres en idade fértil que planifiquen un embarazo nunha zona de alto risco de infección por dengue. Recomendarase evitar o embarazo durante as 4 semanas posteriores á última dose da vacina .
Contraindicacións	Persoas que reciban tratamento inmunosupresor sempre que poidan finalizar a pauta de vacinación completa polo menos 4 semanas antes do inicio da inmunosupresión .
	Persoas con infección sintomática por VIH.
	Persoas en situación de inmunosupresión.
	Mulleres embarazadas e/ou en periodo de lactancia

Táboa 2. Indicacións e contraindicacións de Qdenga® en viaxeiros a zonas de risco.